


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

20-21 de xaneiro do 2024

III ORDINARIO B



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1* **Que ledos hoxe estamos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

É certo, e non hai dúbida, que a presenza de Xesús cos seus sentimentos, coas súas palabras, e sobre todo cos seus feitos foi facendo que houbera xente que decidise seguir os seus pasos. Verémolo hoxe no evanxeo que nos conta como os apóstolos deciden irse con El.

Agora facémolo nós compartindo esta celebración, anunciando un xeito de entendernos con Deus, e facendo vida en comunidade con Xesús. Pero, dende logo, non se trata só de falar, cremos que hai que achegarse á xente, principalmente a aquela que ten a vida máis ameazada por pobrezas, enfermidades, esquecementos ou desesperanzas. A comunidade de Xesús ten que seguir a ser a que quere facerlle a vida máis digna aos demais.

Hoxe, estamos a recibir, a chamada de Xesús, convidándonos porque o tempo está cumprido, e fan falta mans, as nosas. A paz tamén nos necesita.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Hoxe Deus segue a chamar. Coma os apóstolos, queremos responder, queremos anunciar evanxeo, queremos anunciar a Boa Nova, queremos ofrecer as nosas mans porque nos sabemos chamados por Xesús. Por iso, agora é o momento de pedir perdón e comprometermos **porque queremos facelo mellor.***

Monitor/a

- Queremos vivir aportando aos demais o mellor de nós mesmos. Señor conta coas nosas mans
- Queremos ser anunciadores de boas novas, queremos ver todo o que de bo hai nas nosas vidas. Cristo conta coas nosas mans
- Queremos ser comunidade que fai crible o evanxeo nas palabras e sobre todo nos feitos. Señor conta coas nosas mans

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, dirixe a nosa vida conforme ao teu amor, para que, no nome do teu Fillo, poidamos dar froito abundante de boas obras, por Cristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Escoitar agora as lecturas é a nosa resposta á chamada que Deus nos fai. É nosa a responsabilidade de dicirlle ao Señor que pode contar con nós. Ir da man do Señor implica cambiar, implica mellorar, implica dar unha man. Fixémonos sobre todo no evanxeo, porque nas decisións dos discípulos estamos botando a andar coma comunidade de Xesús.*

Leccionario II B páx 175 **Xon 3,1-5.10** LECTURA

LECTURA DO LIBRO DE XONÁS

Veulle a palabra do Señor a Xonás:

- Érguete, vai a Nínive, a grande cidade, e proclámalle a mensaxe que eu che dei.

Xonás ergueuse e marchou a Nínive, conforme á palabra do Señor. Nínive era unha cidade enormemente grande, de tres días para atravesala.

Xonás comezou a entrar na cidade o camiño dun día e predicaba así:

- Dentro de corenta días Nínive será destruída.

Os homes de Nínive creron en Deus e proclamaron o xaxún. Vestíronse de saco desde o máis grande ao máis pequeno.

Viu Deus as súas obras, como se convertían do seu mal camiño, e arrepeniuse do mal que dixerá que lles ía facer, e non llelo fixo.

Palabra do Señor

🎵 **nº 18** *Escoita ao Señor*

SALMO

(*en pé*) *Leccionar II B páx 176 Mc 1, 14-20 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e máis a Andrés, seu irmán, largando as redes no mar: eran pescadores. Díxolles Xesús:

- Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

E deixando de contado as redes, seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo e máis a Xoán, seu irmán; estaban arranxando o aparello na barca.

E de seguida os chamou. Eles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mailos seus tripulantes na barca, seguírono.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Se as nosas palabras son de fiar entón os nosos feitos valerán a pena e serán exemplo para os demais.

Se as nosas palabras son de fiar entón os nosos soños serán grandes e atrevidos e non se deixarán render facilmente.

Se as nosas palabras son de fiar entón non poderemos quedar calados ante moito do que pasa ao noso arredor, non poderemos silenciar a traxedia de tantos refuxiados.

Se as nosas palabras son de fiar entón seremos comunidade que se doe co nada que vale a vida en tantos e tantos lugares.

Se as nosas palabras son de fiar entón Deus seguirá a falarnos cada día.



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, despois de escoitar a Palavra de Deus que nos chama, queremos responderlle dando razón da nosa fe diante dos demais, por iso dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus Pai e Nai, creador do ceo e máis da terra, que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común, e fogar acolledor para todas as xentes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, o noso irmán, que fixo vivo o evanxeo, e que, coma aos apóstolos, nos chama para facer crible o seu amor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo que nos alenta para dar resposta ao Señor co noso bo facer de cada día doéndonos a vida maltratada de tantas e tantas persoas?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, comunidade na que todos compartimos e facemos realidade o Reino de Deus dóndonos a falta de paz que se vive en Palestina e Israel, e en tantos outros lugares?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos agora a Xesús, que nos chama e nos convida a compartir con El, para seguir as súas pegadas. Dicimos:*

Señor, queremos seguir os teus pasos

Monitor/a:

- ✓ Pedimos pola Igrexa, para que non teñamos medo a ser exemplo de amor e misericordia, tendendo a nosa man, aberta e acolledora, oremos
- ✓ Pedimos polas nosas parroquias, para que polos camiños do diálogo, a tolerancia e a colaboración, sexamos quen de superar os atrancos, oremos
- ✓ Pedimos por nós, para que con ilusión e coas redes do amor, da esperanza e do servizo aos irmáns, sexamos ante o mundo mensaxeiros da vida do Reino, oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que fan ben na vida, para que na coherencia das palabras e dos feitos nos sigan dicindo que nós podemos facer o mesmo, oremos
- ✓ Pedimos paz porque queremos que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor nas terras de Israel e Palestina, e en todos os lugares onde reina a violencia, oremos

Celebrante: *Escoitamos, Pai, as túas chamadas. Escoita Ti as oracións dos que en Ti pomos a nosa confianza. Por Cristo noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que nos quere achegándonos e compartindo co seu fillo Xesús como fixeron os apóstolos, rezámoslle dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *As nosas mans tendidas uns para os outros son a nosa resposta ao que Xesús nos propón. El quereamos sendo exemplo de paz, por iso nós agora compartimos un xesto que di moito e ben de nós. Este xesto fainos cómplices e partícipes do Reino. Deámonos a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os primeiros discípulos compartiron con Xesús a mesa e a conversa que os transformou para ser as súas testemuñas. Hoxe nós compartimos tamén a mesa e a conversa con El. Que tamén nos transformemos en verdadeiras testemuñas de Xesús no noso entorno.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55** *No colo da miña nai*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti que nos alentaches coa túa Palabra e que nos alimentaches co pan da vida, fai que sintamos sempre a alegría de participar dos teus dons.

Pedímoscho por Cristo noso irmán, a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Deus diríxenos a súa Palabra para que a escoitemos e nos comprometamos con ela.

Coma os habitantes de Nínive, tamén nós temos que cambiar moitas cousas na nosa vida de cristiáns se queremos de verdade ser crentes CRIBLES.

Poñamos en práctica todo o que o Señor nos pide na súa Palabra coa responsabilidade de non calar cada vez que se abusa da paz.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



Díxolles Xesús: vide comigo. Eles deixándoo todo seguírono.

Fagamos as cousas ben para que o Señor nos recoñeza nos nosos feitos.